



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

C.I.F.: P-1501200-H

## Servizo de Contratación

### Resolución da alcaldía

#### Adxudicación do contrato do Servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, iniciouse a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia, do servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón.

Invitouse a participar a 5 empresas especialistas no sector e concedeuse un prazo de 10 días naturais para que presentaran as súas propostas. Tamén se publicitou no perfil do contratista da páxina web.

No prazo establecido para o efecto presentáronse ó concurso dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión SL, segundo consta no informe da responsable de contratación.

Por resolución da alcaldía ditada o día 31 de agosto, resólvese dar traslado da documentación presentada no concurso ó órgano negociador para que inicie o proceso de negociación e así mesmo fanse constar as puntuacións acadadas por cada empresa e que a continuación se transcriben:

Empresa	Proxecto técnico	Melloras	Oferta económica	Total puntuación
CPM Eventos	35	9	49.70	93.7
Acofide 2000 Xestión, SL	30	6	50	86

Con data 2 de setembro e ante a urxencia da adxudicación, reúnese o órgano negociador cos membros das dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión,SL e realízase a negociación reflectida na acta asinada para o efecto.

O órgano de negociación, á vista de que as dúas empresas se ratifican nas ofertas presentadas inicialmente, propón a adxudicación do contrato á empresa CPM Eventos por un importe anual de 16.500 euros ( IVE excluído)

Por resolución da alcaldía ditada o día 2 de setembro, clasifícanse as ofertas presentadas no concurso, obtendo o seguinte resultado:


Empresa	Proxecto técnico	Melloras	Oferta económica	Total puntuación
CPM Eventos	35	9	49.70	93.7
Acofide 2000 Xestión, SL	30	6	50	86

O mesmo día, envíase á empresa CPM Eventos, un escrito requiríndolle que presentasen a documentación establecida na cláusula 11 do prego coa finalidade de adxudicar o contrato. O día 7 de setembro a empresa presenta o aval e o resto da documentación solicitada polo que, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato do servizo de actividades físicas e deportivas á empresa CPM Eventos polo prezo de 19.965,00 euros/ano ( IVE incluído) e polo período dun ano podendo prorrogarse o contrato por dúas anualidades máis.
2. Comunicar á empresa que se formalizará o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.
3. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 8 de setembro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato